

CIRCULAR 115/2017

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XXII MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO.-CAMPEONATO DE GALICIA DE CATEGORIAS MENORES

A Rúa, 28 de Xaneiro do 2018

Art.1).- A Delegación da F.G.A. en O Barco organizará o **XXII Memorial Alejandro Lorenzo.-Campeonato de Galicia de Menores de Campo a Través** o domingo 28 de Xaneiro do 2018 en A Rúa.

Art.2).- O Memorial está destinado ás seguintes categorías: benxamín (2009-2010), alevín (2007-2008) e infantil/Sub14 (2005-2006) (homes e mulleres).

Art.3).- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertenzan a Clubs de outras Comunidades Autónomas.

*Lembramos que para inscribir aos atletas de categorías inferiores en probas federadas, alleas ao programa Xogade, deben ter en vigor a licenza federada (aquelas que comezan con AG-...) e non a licenza escolar.

Art.4).- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas do mesmo equipo, que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Excluiranse aqueles clubs que no presenten 4 atletas en meta. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo.

* Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós atletas estranxeiros e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída

Art.5).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE MENORES			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
10:30	BENXAMIN	Mulleres	800 m. aprox.
10:35	BENXAMIN	Homes	800 m. aprox.
10:40	ALEVIN	Mulleres	1.500 m. aprox.
10:55	ALEVIN	Homes	2.000 m. aprox.
11:15	INFANTIL	Mulleres	2.000 m. aprox
11:35	INFANTIL	Homes	2.500 m. aprox

Art.6).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 23 de Xaneiro do 2018.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.7).- Os Delegados oficiais dos Clubs ou os propios atletas nos casos de inscricións individuais, poderán retirar os seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período poderá non ser admitida a participación do atleta.

Art.8).- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.9).- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

Art.10).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.11).- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos aos tres primeiros equipos.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, da acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 29 de decembro de 2017